



BANDO

Juan Manuel Vidal Seage,

Alcalde do Concello de Pontecesures

Informa:

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL - RESERVA PRAZAS CURSO 2017/2018

Informase ós/ás veciños/as que **o prazo de preinscrición** na Escola Infantil Municipal (Gardería) para a reserva de praza dos alumnos/as, e a **solicitud de novas prazas** de cara ó vindeiro curso escolar 2017/2018 (a partir do 1 de setembro) estará **aberto do 1 ao 17 de abril**.

A EIM ten un horario de 8 da mañá a 8 da tarde de luns a venres, tódolos meses do ano, excepto en agosto con xornad de mañá, e está situada na R/ Avelino Pousa Antelo, en fronte do CPI "Infesta" e conta cunhas modernas instalacións e equipamentos, e o seu persoal proporciona aos nenos/as que acoden as atencións e coidados necesarios para promover o seu desenvolvemento harmónico e integral. Conta co Servizo de Comedor, no que os nenos e nenas teñen ao seu dispor unha dieta san e equilibrada, axeitada.

As **solicitudes de reserva** de praza para **nenas e nenos que xa acoden á EIM** presentaranse **directamente na Escola Infantil Municipal** onde se lle facilitará o impreso a tal fin.

As **solicitudes de novas prazas** para acceder á EIM **entregaranse nas oficinas municipais do Concello de Pontecesures**, tendo en conta que é requisito que os nenos/as teñan entre 3 meses e 3 anos de idade e que abonen as taxas que lles correspondan, tendo preferencia os/as domiciliados/as en Pontecesures.

Para máis Información e **presentación de solicitudes de preinscrición para alumnos/as novos/as** poden dirixirse a **Oficina de Emprego** deste Concello entre as 8 ás 14:30 horas.

En Pontecesures a 02 de marzo de 2017.

O ALCALDE



Asdo.- Juan Manuel Vidal Seage.